

“Salario ou conflito”

## UGT DEMANDA ANTE AS SEDES EMPRESARIAIS SUBIDAS SALARIAIS PARA EVITAR A PERDA DE PODER ADQUISITIVO DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS

En Galicia as mobilizacións tiveron lugar na Coruña e Vigo

**Redacción.-** Miles de traballadores e traballadoras mobilizáronse este mércores fronte ás sedes patronais de todo o Estado para demandar aos empresarios subidas salariais que eviten a perda de poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras deste país, fronte a unha inflación que parece non ter freo. Concretamente, en Galicia UGT, xunto con CCOO, convocaron sendas concentracións fronte ás sedes empresariais de Vigo e A Coruña.

Dende UGT-Galicia denúnciase que as empresas seguen repercutindo a suba do IPC aos prezos dos seus produtos ao tempo que se negan a subir os soldos. Cargando todo o peso da inflación na cidadanía e aproveitando a alza para elevar tamén a marxe de beneficio.

A inflación avanzada do mes de xuño déixanos unha suba do 1,8%, e coloca a alza dos prezos nun 10,2% interanual e a inflación subxacente nun 5,5%. Ante esta situación, UGT defende a mobilización para conseguir que os convenios garantan o poder adquisitivo dos salarios, tanto con subas como con cláusula de revisión se o IPC real supera as previsións.

Se non hai avances en materia salarial e o empresariado persiste na súa “ceirazón e avaricia”, os sindicatos advirtenlles ás patronais que “haberá conflito” nas empresas e nos distintos sectores da economía.

Doutra banda, desde UGT esixen medidas para conter os prezos, de forma especial os dos produtos de consumo básicos, e abordar políticas centrais redistributivas, como a fiscalidade, desde a negociación e o acordo no ámbito do diálogo social. As medidas adoptadas polo Goberno do Estado avanza na dirección correcta, pero non abundan.



En todo caso, si tiveron un impacto positivo na contención dos prezos do gas e a electricidade, pero non serviron para frear os da gasolina e carburantes en xeral, polo que fai falta tomar medidas de contención de prezos que eviten que as subvencións efectuadas polo Goberno acaben sendo absorbidas polas grandes petrolerías, como está a ocorrer, en lugar de repercutir no benestar da cidadanía.

Non nos imos a resignar ante este escenario, onde o empresariado deste país pretende facer recaer sobre a clase traballadora o custo da crise de prezos xerada pola subida dos prezos enerxéticos,

e agravada coa guerra de Ucraína.

As organizacións empresariais negáronse a acordar referencias para a negociación colectiva no marco do AENC, co obxectivo de frear o acordo nos convenios colectivos pretendendo a conxelación salarial. Por iso, debemos seguir coa nosa estratexia, en contacto directo coas persoas traballadoras, para poñer en valor a negociación colectiva, recuperar dereitos e mellorar os salarios para mellorar a calidade de vida. Demandamos das organizacións empresariais corresponsabilidade e altura de miras.

## A REFORMA LABORAL SEGUE IMPULSANDO A CALIDADE DO EMPREGO E A VIDA DAS PERSOAS

**Redacción.-** Os datos de paro do mes de xuño, publicados polos Servizos Públicos de Emprego (SEPE) e polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, amplían a tendencia positiva do emprego, xa que a creación de emprego mantén un bo ritmo (2,6% anual en Galicia), aínda que por debaixo do que se rexistra no resto do Estado (4,3% anual), e a porcentaxe de contratación indefinida segue alcanzando cotas moi altas (37% sobre o total), pero de novo este indicador é peor que no resto do Estado (44,3% sobre o total). Desta forma, para UGT-Galicia os resultados obtidos durante o primeiro semestre do ano confirman que a nova Reforma Laboral está a mostrarse eficaz á hora de mellorar a calidade do emprego, outorgando maior estabilidade e certeza á clase traballadora.

Con todo, o sindicato alerta sobre a persistencia dun elevado número de persoas desempregadas de longa duración, xa que, segundo os datos do primeiro trimestre da EPA, contabilízanse ata 57.200 parados que levan máis de 1 ano buscando emprego en Galicia. Trátase dunha cifra alarmante, sobre todo se temos en conta que, segundo a última Enquisa de Condicións de Vida (2021), ata un 58,6% das persoas desempregadas atópase en risco de pobreza ou exclusión social.

Neste sentido, UGT esixe a necesidade de impulsar Políticas Activas de Emprego máis eficaces, que se adapten á realidade específica de cada persoa e logren unha rápida reinserción laboral para todas elas. Para iso, resulta fundamental que a nova Lei de Emprego estableza un proceso de avaliación destas políticas, así como un incremento do financiamento, ata niveis adecuados e suficientes, xunto a criterios vinculantes para a súa aplicación nos distintos territorios do país.

### Conter os prezos para non diminuír os beneficios da reforma laboral

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores denuncia que a crise internacional de subministracións (de materias primas e alimentos) e a persistencia da alza de prezos comprometen a senda de crecemento da economía e o emprego. Precisamente, a elevada inflación, que alcanzará os dobres díxitos (10,2%) en xuño, segundo o avance do INE, está a provocar que as persoas traballadoras, a pesar de poder acceder a unha contratación máis estable, estean a perder poder adquisitivo mes a mes. Neste sentido, cabe destacar que os salarios en convenio rexistran un crecemento no

que levamos do ano de apenas un 2,4%, moi lonxe da taxa de inflación media (8,5%).

Por iso, UGT reclama políticas máis contundentes e ambiciosas para conter o incremento descontrolado dos prezos e limitar os desorbitados beneficios das grandes empresas, especialmente das enerxéticas, que a pesar do difícil contexto actual seguen cultivando cuantiosos beneficios. Igualmente, desde o sindicato cremos que tanto o Goberno como a patronal non poden seguir mantendo unha actitude pasiva ante o intenso proceso de desvalorización salarial, polo que resulta esencial que senten a dialogar urxentemente mecanismos efectivos que protexan as rendas salariais, evitando así a apertura de novas brechas sociais e un maior afundimento do consumo e a demanda interna.

Datos de desemprego mellorados polo comezo da temporada estival e da remisión da pandemia en relación ao desemprego, sitúase o dato de paro en 140.932 (dende 2007 non tiñamos un dato similar) en Galicia e de 2.880.582 no Estado. Cae o paro no mes nun 3,55% en Galicia (máis acusadamente que no Estado, caída do 1,45%).

Importante mellora con respecto ao mesmo mes do ano anterior, contracción con respecto a xuño de 2021 do desemprego, 16.786 persoas menos, baixando un 10,64% en Galicia, pero non tan acusada como no Estado, 20,30% no Estado (733.757 persoas menos no desemprego).

Entre os máis mozos, os menores de 25 anos, hai 5.650 persoas en desemprego, diminuíndo no mes de forma menos acusada que no conxunto de idades, -2,18%, e tamén de forma menos acusada no ano, -5,36%.

Por sexos, evolución máis favorable no mes do desemprego para os homes, -3,97% que nas mulleres, -3,25%. No ano contracción tamén de forma máis acusada nos homes, -11,06%, que nas mulleres, -10,34%. En termos estruturais as mulleres seguen a representar nada menos que o 58,42% do total de desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 82.331 mulleres, fronte a 58.601 homes.

No mes, ao analizar por sector de actividade, détectanse caídas en todos eles, especialmente no primario e na industria, -6,23% e -5,10%, respectivamente. Destacada contracción nos servizos, -3,58%, e na construción, -2,84%, e no que menos no co-



lectivo de sen emprego anterior, -0,57%. No ano, as porcentaxes son de contracción considerable, salvo no colectivo sen emprego anterior (-2,19%), en todos os sectores. Así, contracción do -17,17% na industria, -12,10% na construción, -10,40% nos servizos e -9,34% no primario. En termos provinciais, no mes hai distinto grao de contracción, evolución, segundo se analice unha ou outra. Cae en todas as provincias pero con distinto grao. Así, -4,82% en Lugo, -4,48% en Pontevedra, -2,67% na Coruña e -2,36% en Ourense. No ano, forte contracción en todas elas. Caída máis contundente na de Lugo, -13,41%, na Coruña do -11,23%, en Ourense, do -9,97%, e en Pontevedra do -9,53% de caída.

En canto á modalidade de contratación, rexístrase un excelente dato, mellora da contratación indefinida, chegando en Galicia ao 37% (por debaixo do 44,3% estatal), porcentaxe histórica nun mes de xuño.

Cos datos de xuño compróbase que se realizaron 80.342 contratos. Fanse menos contratos que no ano anterior (85.964 en xuño de 2021) pero de moita calidade. Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida do 76,8% na construción, do 67,2% no primario, nos servizos do 35,6% e na industria do 27,4%. En canto á taxa de cobertura por desemprego, esta foi en maio de 2022 (último dato dispoñible) do 60,95%. As persoas beneficiarias de prestacións de desemprego sitúanse en 81.838.

A evolución nas cifras de afiliación á S.S. (media mensual), sitúase en Galicia no mes en 1.048.523. Medra no mes o 0,75%, algo máis que no Estado, o 0,57% de aumento. Así, medra a afiliación / cotización á Seguridade Social no ano en Galicia, o 2,62%, bo indicador interanual, tamén no Estado medra, e de forma máis acusada, no 4,35%.

Por outra banda, os ERTes, froito da concertación social, seguen permitindo ter traballo a 1.198 traballadores de media en xuño en Galicia.



## OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE CELTIC ESTORES DENUNCIAN OS ABUSOS DA DIRECCIÓN DA EMPRESA

**Redacción.-** A representación de UGT FICA en Celtic Estores (Moraña) denuncia as penosas condicións laborais que están a sufrir os traballadores e traballadoras desta empresa. Con xornadas de 10 horas, cun descanso mínimo de 15 minutos, que é descontado das vacacións, e con picos de temperatura que chegan aos 40 grados.

UGT FICA Pontevedra denuncia que a nova Dirección amosa unha actitude totalmente intransigente e chega a ameazar con despedimentos. Aplica dun xeito sesgado o

convenio colectivo e insiste nas ameazas de despedimentos para todos aqueles que non acepten as condicións.

Nesta conxuntura xa hai traballadores de baixa con cadros de ansiedade provocados pola presións á que se ven sometidos, facendo controis continuos de rendibilidade.

Trátase dunha empresa que conta con 250 traballadores e traballadoras e dende



UGT esíxese a recondución da dirección de cara ao diálogo porque, de continuar con esta actitude, os traballadores e traballadoras veranse obrigados a adoptar outras medidas.

## FEPMC CELEBRA A DESESTIMACIÓN DO DESCOLGUE E INSTA A NEGOCIAR O NOVO CONVENIO DE VITRASA

**Redacción.-** FePMC-UGT-Pontevedra celebra o laudo arbitral que desestima a pretensión da concesionaria de bus urbano de Vigo de acollerse á inaplicación do convenio colectivo (reducindo salarios e aumentando xornadas) alegando perdas económicas.

A resolución do árbitro designado pola Comisión Tripartita Galega dá a razón aos traballadores: unha medida tan drástica,

coa proposta de recorte dun 30% dos salarios, non está xustificada. O laudo vén criticar a Vitrassa, cuxo único obxectivo é conseguir compensar a perdas, e se non o pagaban todos os vigueses, o tiñan que pagar os traballadores.

Si é certo que o laudo recoñece que a concesionaria tivo perdas no 2020 e 2021, isto foi produto lóxico pola crise da COVID. Aínda así, a empres dispón dun patrimonio

neto moi elevado e un fondo de manioobra que lles permiten afrontar estas perdas puntuais.

Dende o Sindicato apúntase que o próximo paso debería ser que a empresa acceda a sentar a negociar un novo convenio, para que o persoal poida recuperar o poder adquisitivo que perdeu desde que caducou o anterior, en decembro de 2020.

## AGRICULTORES E GANDEIROS MOBILÍZANSE EN OURENSE POLO FUTURO DO AGRO

**Redacción.-** Agricultores e gandeiros da provincia de Ourense percorreron o pasado martes as rúas desa cidade para denunciar a situación límite que padecen. Os produtores manifestáronse dende a Delegación da Xunta de Galicia ata a do Goberno para reivindicar o cumprimento íntegro da Lei de Cadea Alimentaria e chamar a atención sobre a venda a perdas que, nun contexto de suba de custos exacerbada, estrangula ao sector.

Unións Agrarias, a Asociación de Pataqueiros da Limia, Sindicato Labrego Galego, a Federación Rural Galega-FRUGA e ADEGAL convocaron unha mobilización que quere ser unha chamada de atención ás administracións. Nun escenario tan volátil polas gravísimas consecuencias económicas que está a provocar a inxustificable invasión promovida polo Goberno ruso sobre Ucraína, os agricultores e gandeiros están vendo como os custos de produción se disparan, obrigando a vender a perdas as súas producións. Polos datos dos que dispón UJAA, a situación dos mercados das materias primas é moi grave debido ás consecuencias que está a provocar a seca nas principais zonas de abastece-

mento de cereais, (América do Sur e Estados Unidos). Unha problemática similar tamén á que están a experimentar nos países produtores de gran da UE.

Desde Unións Agrarias vese con especial preocupación a alza dos prezos do combustible. O gasto en gasoil que un agricultor asume por cada día de sementeira pasou dos 1.500 aos 2.500 €. Algo que hai que sumar á escalada imparable da enerxía e dos fertilizantes, que duplicaron o seu prezo debido ás limitacións a exportación de Rusia. Así como dos pensos, que pasaron dos 270 aos 500 €/tonelada. Unións Agrarias lembra a vital importancia de contar con ferramentas oficiais de cálculo dos custos de produción. E reivindica a implicación da s administracións autonómica e estatal á hora de establecer con claridade liñas vermellas que permitan erradicar a venda a perdas; así como para impulsar actuacións exemplarizantes contra os que incumpren a Lei de Cadea.

A sucesión de crises nas que leva in-



merso o sector primario está a tensar ao máximo as posibilidades da súa supervivencia económica. Subas constantes nos medios de produción e incertezas nos mercados que fan preciso seguir reivindicando medidas moito máis audaces para loitar contra a desaparición do modo de vida das familias que aínda se dedican á agricultura e á gandería en Galicia.

Para a organización agraria, algunhas das reformas previstas na última revisión da PAC deben de ser repensadas mentres o escenario internacional non sexa mais estable. Factores como a obriga a deixar en barbeito terras de produción nun momento de necesidade de alimentación ou determinadas limitacións no sector gandeiro deben ter unha moratoria na aplicación para poder compensar as graves ameazas que ten o sector primario.

## OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE PESCANOVA ARTEIXO MOBILÍZANSE PARA DEMANDAR QUE SE DESBLOQUEE A NEGOCIACIÓN DO CONVENIO

**Redacción.-** Os traballadores e traballadoras da planta que Pescanova ten en Arteixo abriron un calendario de mobilizacións, que arrancou o día 4 cunha concentración fronte á fábrica e que hoxe vaíse volver a repetir. Demandan que se desbloquee a negociación do convenio colectivo que a día de hoxe está en punto morto porque a empresa non asume ningunha das propostas que fan os representantes dos traballadores.

As reivindicacións pasan por demandar unha suba liñal anual para todos os traballadores e traballadoras de 200 euros, co fin de reducir as diferenzas sala-

riais que a día de hoxe existen con outras plantas do grupo.

Ademais, xa no eido social, pídesse suprimir a obrigatoriedade de xustificar o permiso non retribuído de dez días ao ano e demándase un día máis por intervención dun familiar de primeiro grado.



Os traballadores e traballadoras da planta de Arteixo tamén demandan que as reunións telemáticas que se fagan fóra de horas de traballo computen como horas de traballo.

## ÁBRESE UN CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS NAS BIBLIOTECAS DA CORUÑA ANTE A IRREGULARIDADE NO PAGO DOS SALARIOS

**Redacción.-** Os traballadores e traballadoras das bibliotecas da Coruña abriron un calendario de mobilizacións, con varias concentracións convocadas, para esixir que a empresa Servicios Bibliotecarios LTM e o Concello acorden unha solución inmediata que permita que o persoal perciba as pagas debidas e establezan un procedemento para evitar a precariedade no futuro.

A falta de previsión económica está a prexudicar os salarios das 75 persoas traballadoras das bibliotecas mu-

nicipais da Sagrada Familia, Ágora, Fórum, Los Rosales, Durán Loriga e o punto bibliotecario de Me-soiro.

Aínda que si cobraron as nóminas de xuño, o problema persiste no relativo á paga extra de verán, xa que a



empresa indica que non ten liquidez para aboala.

## A IGUALDADE EFECTIVA A TRAVÉS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

**Redacción.-** UGT celebrou este mércores no Hotel Congreso, en Teo, a xornada “A igualdade efectiva de mulleres e homes a través da negociación colectiva”.

Nesta xornada interviñeron a vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antoñanzas; a secretaria de Estado de Igualdade e directora xeral do Instituto da Muller (2011), Laura Seara; e a secretaria de Igualdade de UGT FICA, Elena Martínez, que analizaron o emponderamento político-sindical da muller. Paula Alves, secretaria do sector Químico, téxtil e artes gráficas de UGT FICA Galicia; Lourdes Diz, secretaria xeral de



UGT FICA Pontevedra; e Carmen González, secretaria de Política Social de UGT FICA Ourense, falan sobre “As mulleres no Sindicato: experiencias sindicais”.

## Folga en Bosch Vigo para rexeitar o ERE



**Redacción.-** Amplo respaldo á convocatoria de folga en Bosch Vigo este luns para rexeitar o ERE proposto pola empresa e as súas condicións, afectaría a preto de 150 traballadores e traballadoras.

Ademais da folga, os traballadores e traballadoras protagonizaron unha concentración fronte á sede desta empresa en Vigo.



## O SERGAS CONDENADO POR VULNERAR O DEREITO Á LIBERDADE SINDICAL DE UGT

**Redacción.-** O Sergas ven de ser condenado por vulnerar o dereito á liberdade sindical de UGT Servizos Públicos e, ademais, a Xustiza pídelles o cese en dita lesión así como indemnizar ao Sindicato por danos e prexuízos con 6.250 euros.

Esta sentenza vén despois de que UGT Servizos Públicos presentase unha demanda de tutela de dereitos fundamentais por impedir o Sergas a participación dunha persoa, en representación de UGT, na Comisión central de seguridade e saúde do Sergas.

Como afirma a propia sentenza, esta persoa participou neste órgano dende xullo de 2019 sen ocasionar ningunha incidencia no funcionamento da comisión.

O Sindicato lamenta que, pasado ano e medio da designación da persoa represen-

tante de UGT, tramítase unha recusación propiciada por un escrito de CCOO do 25 de novembro de 2021 que o Sergas xestiona cunha celeridade exemplar, como así debería ser noutras materias relativas a persoal e asistencia nas que a longa espera é a norma. O propio 21 de decembro resolve que dita persoa non pode exercer esta representación por non ser un liberado sindical a tempo completo.

Así, a Xustiza ordena o cese inmediato da prohibición de asistir ás reunións da Comisión do representante que nomea UGT e condena á Consellería de Sanidade e ao Sergas por unha conduta de vulneración de



liberdade sindical coa imposición dunha indemnización de 6.250 euros por danos e prexuízos. Aínda que, para UGT, o dano é irreparable, xa que se lle impediu a un representante do Sindicato cumprir coas súas funcións na Comisión central de seguridade e saúde do Sergas no período de maior gravidade da pandemia da COVID-19.

## HAI QUE PREVER O “SINHOGARISMO” CUN NIVEL SUFICIENTE DE VIVENDA ASEQUIBLE E SEGURA

**Redacción.-** A secretaria de Políticas Europeas de UGT e membro do Comité Económico e Social Europeo, M<sup>a</sup> Carmen Barrera, interveu na Conferencia Europea organizada por este organismo e o Ministerio de Economía de Letonia e que tivo lugar en Riga, para discutir os desafíos para a construción de vivendas sostibles e alcanzables en Europa co fin de acabar co sinhogarismo no horizonte de 2030.

Durante a súa intervención manifestou que o obxectivo das políticas públicas debe ser previr o sinhogarismo e minimizar a duración desta experiencia. “Unha prevención eficaz require un nivel suficiente de vivenda alcanzable e segura”- dixo. Así mesmo, sinalou que gran parte do gasto actual en servizos para persoas sen fogar en Europa destínase a servizos pasivos (aloxamentos de emerxencia, servizos de subsistencia que mitigan esta experiencia) pero é desexable cambiar o gasto a servizos activos, como a provisión de vivenda social. “Hai que garantir que o uso de aloxamentos de emerxencia sexa raro e breve, coa provisión de alugueiros seguros e alcanzables.

Barrera referiuse tamén a distintos casos, hai persoas que experimentan de forma transitoria a falta de fogar, e hai tamén sinhogarismo de longa du-



ración e demandou enfoques estratéxicos integrados para previr con éxito a loita contra o sinhogarismo, a nivel europeo, nacional e local, nos que participan todas as partes interesadas.

### Medición “Sinhogarismo” en cada país membro

Así mesmo, dixo que, para comprender a dinámica do sinhogarismo, é crucial o deseño intelixente de políticas e unha metodoloxía sólida que

permita unha medición amplamente harmonizada do sinhogarismo en cada Estado membro.

Por último, Barrera fixo mención á reunión do Consello de Dirección da Plataforma Europea de loita contra o Sinhogarismo, de xuño de 2022, no que se acordou un programa de aprendizaxe mutuo e propúxose que o Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa puidese presentar algúns exemplos de proxectos, leccións aprendidas e resultados.

## UGT VALORA QUE SE Poidan ESTABILIZAR MÁIS DE 67.000 POSTOS DE TRABALLO NA SANIDADE PÚBLICA

**Redacción.-** UGT valora que máis de 67.000 traballadores e traballadoras do Sistema Nacional de Saúde poidan estabilizar as súas prazas. En resposta ao anuncio do presidente do Goberno, Pedro Sánchez, o sindicato lembrou que a estabilización de postos de traballo é posible grazas ao acordo que UGT Servizos Públicos e o Goberno, xunto ao resto de sindicatos representativos de Función Pública, asinaron o 5 de xullo do ano pasado.

Este acordo plasouse na Real Decreto Lei 14/2021. UGT marcouse como obxectivo principal da negociación reducir a insoportable temporalidade das administracións públicas a un 8% como máximo e impedir novos abusos por parte dos gobernos. No momento da negociación, a temporalidade situábase por encima do 40% no sector sanitario. Máis tarde, o Congreso dos Deputados apro-

bou a Lei 20/2021 en decembro de 2021 sobre temporalidade no sector público.

O sindicato considera fundamental que as administracións cumpran os prazos marcados pola lei. Así, ao 1 de xuño deste ano deberían estar publicadas todas as prazas que se deben estabilizar segundo os requisitos que marca a lei. A convocatoria debe saír antes do 31 de decembro de 2022 e antes do 31 de decembro de 2024 deben resolverse todos os procesos.

UGT manterase vixiante para que todas as administracións cumpran coas súas obrigas. De feito, o sindicato xa denunciou, no



seu momento, a demora que se produciu na posta en marcha dos acordos de 2017 e 2018 para rebaixar a temporalidade no emprego público. Este atraso produciuse, principalmente, por parte das CCAA, que teñen transferidas as competencias de Sanidade, sendo responsables das convocatorias de todas as prazas.

## UGT CELEBRA O I ENCONTRO ESTATAL LGTBI

**Redacción.-** UGT celebrou esta semana en Madrid o I Encontro estatal LGTBI baixo o lema “As persoas LGTBI na negociación colectiva e o diálogo social en España”.

O obxectivo deste acto foi tratar a realidade das persoas LGTBI nos centros de traballo e a discriminación que sofren, así como buscar posibles solucións debido a que os datos que manexa o sindicato son “realmente preocupantes”, unha “excepción democrática” e unha “emergencia social e laboral”.

“É inaceptable que máis do 90% das persoas LGTBI crean que ser LGTBI é unha desvantaxe no emprego ou que un 83% sentisen distintas formas de violencia. E non se pode aceptar nunha democracia que as persoas trans admitan que son rexeitadas nun 40% nas entrevistas de traballo, sufran taxas de desemprego do dobre da media ou que, a partir dos 50 anos, as mulleres trans cheguen ao 85% de taxa de desemprego”, sinalou Toño Abad, responsable confederal a Área LGTBI.

### UGT quere ser un referente para as persoas LGTBI

Por todo iso, Pepe Álvarez destacou que o sindicato organizou este Encontro porque “é importante concienciar da importancia dos dereitos LGTBI no ámbito laboral, e tra-

ballar para establecer unha folla de roteiro que imos tentar implementar a través dos convenios colectivos”.

Álvarez subliñou que é fundamental “avanzar de maneira importante na consecución dun espazo LGTBI dentro do sindicato, converter á organización nun referente na loita contra a discriminación das persoas LGTBI en todos os ámbitos, especialmente, no seo dos centros de traballo”.

“Pero, sobre todo”, resaltou, “é fundamental conseguir que a Lei trans e LGTBI convértase nunha ferramenta eficaz para combater a discriminación no emprego e para iso ten que obrigar ás empresas a incorporar medidas planificadas. Estamos nun momento clave para iso, coa tramitación dunha lei que, agora mesmo, resulta insuficiente”.

### Este acto é un paso adiante que alarga a democracia

Pola súa banda, a vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz, puxo en valor este “acto pioneiro que abre un novo camiño da negociación colectiva e da protección social”.



A secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos, presentou e moderou unha das ponencias

## UGT participa nas manifestacións de Vigo e Coruña co gallo da semana do Orgullo





## UGT É IMPRESCINDIBLE PARA AVANZAR EN DEREITOS E REGULAR OS EMPREGOS DO FUTURO

**Redacción.-** Pepe Álvarez, que interveu no curso de verán organizado por UGT sobre “Os empregos do futuro e a súa regulación laboral” instou a consolidar e defender os grandes cambios que se fixeron no noso país no último ano, como é a reforma laboral e a reforma de pensións, e criticou que o PP e a propia CEOE sementen dúbidas sobre ambas as normativas, apenas uns meses despois de aprobarse. Así mesmo, destacou que o futuro do traballo pasa por dar resposta aos grandes retos como a dixitalización e a sustentabilidade, pero ademais “ten unha pata fundamental, como é a formación e a redución do tempo de traballo”.

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, sinalou que a dixitalización e a sustentabilidade marcarán os cambios que se darán no futuro laboral e UGT debe estar na vangarda destes cambios para asegurar a defensa dos dereitos das persoas traballadoras. Neste sentido, lembrou que a crise da Covid reflectiu as carencias do noso actual modelo sociolaboral, pero tamén abriu unha xanela de oportunidades para impulsar unha maior dixitalización. A regulación da lei Rider, grazas ao traballo sindical, aínda que é un avance importante queda curta. Urxe acabar coa fraude na aplicación da norma e ademais é

necesaria unha regulación máis completa que inclúa a todo o sector das plataformas. Outros avances, grazas á acción sindical, foron a lei do Teletraballo (hai que resaltar a directiva sobre esta materia e o dereito á desconexión aprobado na Confederación Europea de Sindicatos) e a creación por parte de UGT da Rede de Creadores de Contido, primeira en España e en Europa, que nace co obxectivo de dar unha voz propia a este colectivo, que integra sobre todo a persoas mozas que exercen o seu traballo nas redes sociais.

Respecto ao cambio climático, temos que afrontar os retos desde unha transición ecolóxica xusta, que favoreza o cambio de modelo produtivo e de emprego. A OIT estimou que, se se manteñen as actuais pautas de quecemento, en 2030 perderanse un 2,2% de horas de traballo no mundo debido ao estrés térmico: o que supón unha perda de produtividade equivalente a 80 millóns de postos de traballo en todo o mundo.

Ambos os factores inciden na necesidade de ir cara un modelo produtivo mellor, baseado nunha industria forte, sostible e conectada, con empregos de calidade. Algo que debe lograrse a través dun Pacto pola In-

dustria, reclamado desde hai tempo polo noso sindicato.

Álvarez lembrou a importancia das mulleres nos empregos do futuro e denunciou a súa escasa presenza nos ámbitos científicos e tecnolóxicos, algo que hai que solucionar porque ten un alto custo en termos de igualdade, pero tamén en termos sociais e económicos. Por iso, hai que seguir loitando por erradicar as brechas que sofren as mulleres no traballo e na sociedade.

Así mesmo, defendeu máis investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación, á marxe do ciclo económico, e destacou a importancia de seguir avanzando en dereitos: como a semana laboral de 32 horas, o que implica traballar 4 días á semana co mesmo soldo, “porque é posible”.

Neste sentido, dixo que hai 104 anos que se aprobou a xornada de 8 horas, que o lecer tamén é economía e que é preciso repartir o tempo de traballo, entre todos, porque “isto permitirá crear postos de traballo, reducir o paro estrutural e mellorar o equilibrio entre a vida persoal e a laboral. Trátase dunha ocasión única para pensar na reorganización do traballo de maneira diferente”- concluíu.

## UGT CELEBRA A RESOLUCIÓN DO PARLAMENTO EUROPEO PARA PROTEXER A SAÚDE MENTAL NA CONTORNA LABORAL DIXITAL

**Redacción.-** Nunha resolución aprobada o martes con 501 votos a favor, 47 en contra e 85 abstencións, o Parlamento destaca os beneficios do teletraballo, como a maior flexibilidade e autonomía, pero alerta de relevantes ameazas para a saúde asociadas ao exceso de conexión, cando se difuminan as fronteiras entre o traballo e a vida privada.

Os eurodeputados advirten do perigo para a saúde mental e o dereito á privacidade que xeran tecnoloxías de vixilancia a través de programas informáticos e ferramentas de intelixencia artificial, así como o control a distancia do progreso no traballo e do cumprimento do horario laboral.

Apuntan a outros factores que provocan estrés aos traballadores, incluída a inseguridade financeira, o medo ao desemprego, o acceso limitado a atención sanitaria, o illamento, e os cambios na xornada e a organización debidos á pandemia e á subseguinte crise económica.

Tamén apuntan para o efecto que a xeneralización do teletraballo pode ter na saúde mental de persoas en risco de exclusión e re-

claman abordar a fenda dixital, garantindo que todos os traballadores contan coa capacitación tecnolóxica adecuada.

Os eurodeputados animan á UE e os estados membros a tomar medidas mediante unha Estratexia europea de saúde mental, unha Estratexia sobre cuidados e plans de acción nacionais. Salientan que a falta de estándares e principios comúns sobre riscos psicosociais na UE conducen a unha protección desigual para os traballadores. O Parlamento insiste en que fai falta regular mellor a contorna laboral dixital para protexer a saúde mental, en cooperación cos representantes dos empresarios e os traballadores.

A Comisión e os estados membros deben incluír a saúde mental nos seus plans sobre crises sanitarias e de preparación e resposta a emerxencias pandémicas.

Os eurodeputados reiteran a súa petición dunha directiva que inclúa estándares e condicións mínimas para garantir a todos os traballadores o dereito á desconexión, e regras sobre o uso de ferramentas dixitais, tanto novas como xa existentes, no ámbito laboral.



Desde UGT, sendo conscientes da importancia do desenvolvemento de políticas na materia, e da esencialidade da intervención temperá e a reintegración rápida da poboación nova ao mercado laboral, consideramos clave a implementación de medidas preventivas fronte ao estrés e aociado á tecnoloxía e a sobreconexión, para protexer a saúde mental e aproveitar as vantaxes do traballo a distancia.

Neste contexto, resulta fundamental levar a cabo unha actualización da normativa, da man dos axentes sociais, que reflecta a nova realidade do traballo dixital e protexa a saúde mental dos traballadores e traballadoras garantindo o dereito á desconexión, a formación para reducir a fenda dixital e a mellora da xestión dos riscos psicosociais nas empresas.